

24 de febreiro, Día de Rosalía de Castro

redacción Grupo ES. - 21/2/2013



A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza, como xa fixo en anos anteriores, un completo programa de actos con motivo da celebración pública do Día de Rosalía, o vindeiro 24 de febreiro, data do seu nacemento. A Asociación sinala tamén os que se celebrarán, sobre todo nos centros de ensino, mañá venres, 22 de febreiro.

A AELG propuxo aos centros do ensino a inclusión de actividades escolares na súa programación, como

lecturas e gravacións audiovisuais por parte do alumnado de poemas de Cantares gallegos. A iniciativa tivo tan boa acollida que son 73 os centros que están achegando os froitos do traballo de 80 grupos, froitos que permitirán mañá dispoñer de dúas lecturas colectivas íntegras deste poemario, e que xa se están recompilando [no espazo web da Asociación](#).

Outros centros comunicaron á AELG actividades de celebración:

En Sarria, O IES Gregorio Fernández desenvolverá un recital, ás 10.30.

Tamén o IES de Sanxenxo e no CPI As Revoltas, de Cabana de Bergantiños, así como o o IES de Becerreá no que o alumnado de ESO participará nun acto de lectura poética sobre a obra de Rosalía de Castro.

O CPR Cardenal Cisneros de Ourense organiza ás 12.00 unha lectura de Cantares Gallegos nas distintas linguas maternas dos alumnos do centro, aproveitando a interculturalidade do mesmo: galego, castelán, inglés, francés, wolof, portugués, rumano, árabe.

En San Sadurniño a homenaxe desenvolverase en dúas quendas a partir das 12.00. Nela participarán alumnos e profesores de Educación infantil e Primaria do C.P.I. que lerán a viva voz poemas de Rosalía Castro no salón de actos da Casa da Cultura. No acto tamén estará a poeta María Lado, quen fará unha intervención a medio camiño entre o literario e a animación á lectura. Ademais o Concello obsequiará os máis pequenos/as con libros que tratan sobre a figura e a obra de Rosalía.

No Concello de Fene, ás 12.00 h, nos CEIP de Centeiras, Os Casais e O Ramo; no CPI A Xunqueira; no IES de Fene e no Colexio "Jorge Juan" alumnado e comunidade educativa procederá á lectura simultánea de poemas de Cantares Gallegos.

Na cidade de Lugo oito centros de ensino (IES Lucus Augusti, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, IES Ánxel Fole, IES Xoán Montes, Colexio Maristas, Colexio San Xosé, CPR Fingoi e Colexio Divino Maestro) organizan un recitado no Parque de Rosalía, ás 12.00, no participan un total de 80 alumnas e alumnos en compañía de Marica Campo e Darío Xohán Cabana. O acto rematará cunha ofrenda floral.

O CEIP de Prácticas de Ourense, celebrará o Día de Rosalía. Ao subir do recreo conectaranse todos os

altofalantes das aulas, e os 678 alumnos e alumnas escoitarán un poema musicado interpretado por un mestra en prácticas, para logo o alumnado voluntario de 2º e 3º ciclos de Primaria ir polas aulas dos máis pequenos recitando e cantando poemas da nosa autora.

Tamén os concellos se están sumando a o Día de Rosalía de Castro, e mañá venres no Concello de Pontevedra terá lugar un [acto literario e musical](#) ás 20.00 no Teatro Principal.

E en Monforte, na Galería Sargadelos, a Asociación de amigos do viño da Ribeira Sacra promove unha lectura de Cantares Gallegos ás 20.15 horas.

O domingo 24, ás 12.00 horas, no Panteón de Galegos Ilustres, a AELG desenvolverá o seu acto central onde serán lidos poemas de Cantares Gallegos, ademais da realización dunha ofrenda floral.

Máis información, actualizada diariamente e que inclúe [outras iniciativas](#) doutras entidades de todo o país, na web e na [Axenda Cultural](#) da AELG:

Centros participantes
(ordenados por concellos).

CPI da Cañiza, A Cañiza
Colexio Obradoiro, A Coruña
IES Salvador de Madariaga, A Coruña
CEP Pilar Maestu Sierra, A Pobra do Caramiñal
CEIP plurilingüe San Marcos, Abegondo
IES de Allariz, Allariz
CPI Conde de Fenosa, Ares
CEIP A Fraga, As Pontes
CEIP Belesar, Baiona
IES de Barro, Barro
CEIP Agro do Muíño, Bertamiráns, Ames
CEIP Cespón, Boiro
CPI As Revoltas, Cabana de Bergantiños
CEIP O Areal, Camariñas
CEIP Portofaro, Cambre
IES Marqués de Sargadelos, Cervo
CEIP Alexandre Bóveda, Chapela-Redondela
CEIP da Igrexa, Chapela-Redondela
CPI Alcalde Xosé Pichel, Coristanco
IES de Cotobade, Cotobade
CEIP O Ramo, Fene
CEIP Os Casais, Fene
CEIP Almirante Juan de Lángara y Huarte, Ferrol
CEIP Doutor Suárez, Fornelos de Montes
CEIP Nº 1, Foz
CPI de Pontecarreira, Frades
CPI Ponte Carreira, Frades
CEIP Chano Piñeiro, Gondomar
CEIP Emilia Pardo Bazán, Leiro
CEIP A Carballeira, Lourizán - Pontevedra
CEIP Rosalía de Castro, Lugo
CPR Divino Maestro, Lugo
CPI da Picota, Mazaricos
CEIP San Xosé Obreiro, Meicende- Arteixo
CEIP da Armenteira, Meis

CEIP Os Muíños, Muxía
CEIP A Gándara, Narón
CPI O Feal, Narón
IES Xulián Magariños, Negreira
CEIP Carlos Casares, Nigrán
Colexio Plurilingüe Jaime Balmes, Noia
Colexio Divina Pastora, O Barco de Valdeorras
EDLG do IES nº 1 do Carballiño, O Carballiño
IES Miguel Ángel González, O Carril-Vilagarcía de Arousa
CEIP de Seixalbo, Ourense
IES Macías o Namorado, Padrón
CEP Xosé Neira Vilas, Peitieiros-Gondomar
CEIP Nosa Señora dos Remedios, Ponteareas
CEIP Plurilingüe de Andrade, Pontedeume
E.H. San José, Pontedeume
IES A Xunqueira II, Pontevedra
CEIP Campolongo, Pontevedra
CEIP Praza de Barcelos, Pontevedra
CEIP Santo Paio de Abaixo, Reboreda - Redondela
CEIP de Cedeira, Redondela
IES Illa de San Simón, Redondela
IES Pedro Florianí, Redondela
IES Nº 1, Ribeira
IES de Salvaterra de Miño, Salvaterra de Miño
CEIP Mestre Valverde Mayo, Sanguíñeda - Mos
CEIP Pío XII, Santiago de Compostela
CEIP de Bandeira, Silleda
IES Pintor Colmeiro, Silleda
CEIP de Sobrada, Tomiño
CEIP Plurilingüe Nº 1, Tui
CEIP Randufe, Tui
IES San Paio, Tui
CEIP de Baño-Xanza, Valga
CEIP Coutada-Beadé, Vigo
CEP Celso Emilio Ferreiro, Vigo
CPR Plurilingüe Montesol, Vigo
CPI Toural, Vilaboa
IES Faro das Lúas, Vilanova de Arousa